

## ACTA DE ACORDOS ASEMBLEA XERAL 29/03/2026

### **Membros da Asemblea asistentes con dereito a voto:**

- Jose Manuel Estévez Feijoo (Presidente F.G.X)
- Antonio Álvarez Rodríguez (Vicepresidente)
- Club Ximnasia Pavillón
- Club Ximnasia Bayo-Sil
- Club Treboada
- Club Escola Ximnasia Pavillón
- Nelly Bouso Gasalla (Estamento Técnicos)

### **Membros da Asemblea con dereito a voto que non asisten:**

- Club Ximnasia Tempo
- Club Violeta
- Club Quicela
- Club Ximnasia Oleiros Rítmica y Estética
- Club In Mare
- Club Maniotas
- Club Acordes
- Club Rítmica Coruña
- Club Xirandela
- Club Ximnasia Viveiro
- Club Flic Flac
- Escola Deportiva de Barbadás
- Club Acordes Narón
- Club Ximnasia Rítmica Viravolta
- Club Gravity
- Club Escola Burgas
- Club Rítmica Agarimo
- Club Apostol Santiago
- Club Biqueira
- Club Rítmica Salnés
- Club Saraiba ED Poio
- Club Vilarousa Ximnasia
- Club Ximnasia Arousa
- Club Ximnasia Rítmica María Barbeito
- Club Sieiro Acrobacia Vigo
- Club Rítmica Kendra
- Club Rítmica Milenium
- Club Deportivo Ximnasia Rítmica Compostela

- Club Rítmica Grand Jeté
- Aarón Castro Guerra (Estamento Técnicos)
- Raquel Dafonte Rodríguez (Estamento Técnicos)
- Ana Lenochka Yaquimenko Delascio (Estamento Técnicos)
- Alba Estévez López (Estamento Técnicos)
- Saioa Salgueiro Martínez (Estamento Ximnastas)
- Ana Vilela Iglesias (Estamento Ximnastas)
- Elena Torres Martínez (Estamento Ximnastas)
- Paula Castro Trillo (Estamento Ximnastas)
- Melania Rodríguez Muñoz (Estamento Ximnastas)
- Paula López Arias (Estamento Ximnastas)
- Lucía Dorado de Sousa (Estamento Ximnastas)
- Tania Gayoso Felpeto (Estamento Ximnastas)
- Alba Méndez Losada (Estamento Ximnastas)
- Uxía Costa Pailos (Estamento Ximnastas)
- Zeltia N. García Ben (Estamento Xuíces)
- Elena Sierra Palmeiro (Estamento Xuíces)
- Roxana Cutillas Barreiro (Estamento Xuíces)
- Ana Fuentes Cid (Estamento Xuíces)
- Sandra Estrada Fernández (Estamento Xuíces)

**Membros da Asemblea asistentes con voz pero sin dereito a voto:**

- M<sup>a</sup> Belén Ferreiro Amoedo (Secretaria Xeral)
- M<sup>a</sup> Cristina González Sueiro (Secretaria Técnica)
- Xoel Rodríguez Piñeiro (Tesoureiro)

Dita reunión celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Asemblea relacionados na parte superior sendo as 12:00 horas do día 29/03/2026.

**ORDE DO DÍA**

**1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.**

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

**2º.: Aprobación das contas anuais correspondente ao exercicio 2025.**

O tesoureiro procede a explicar detalladamente as distintas partes das Contas Anuais 2025:

- *Conta de Perdas e Ganancias – Anexo 1*

Neste exercicio 2025 tivemos uns ingresos federativos que ascenderon a 500.888,23€ e uns ingresos de explotación de 143.143,13€. En canto aos gastos, tivemos uns gastos de persoal de -82.240,74€, uns gastos de explotación que ascenderon a -503.345,46€, unha amortización do inmovilizado por importe de -18.146,21€, un deterioro e resultado por baixas do inmovilizado (perdas procedentes do inmovilizado material) de -44,00€ e outros resultados por importe de -86,68€

A suma de estes apartados deunos un Resultado de Explotación de 40.168,27€.

E por outro lado, tivemos uns gastos financeiros de -16,91€ e un deterioro por vendas ou traspasos de instrumentos financeiros (subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio) que ascenderon a 6.050,00€.

A suma do Resultado de Explotación e destas dúas últimas partidas, deunos como Resultado do Exercicio 2025 un importe de 46.201,36€ (Beneficios).

- *Balance de Situación - Anexo 2*

No exercicio 2025 contamos cun activo non corrente de 65.473,97€ e un activo corrente de 371.317,82€, sumando un Total Activo de 436.791,79€.

Por outro lado, temos un patrimonio neto de 412.678,17€, un pasivo non corrente de 0,00€ e un pasivo corrente de 24.113,62€, sumando un Total de Patrimonio neto e Pasivo de 436.791,79€.

- *Memoria Económica 2025 - Anexo 3*

A memoria económica desta Federación detalla as actividades realizadas por esta entidade así como os recursos económicos destinados a cada fin.

Ao igual que nos puntos anteriores, o tesoureiro explica pormenorizadamente os distintos apartados da memoria adxunta.

Unha vez explicados estes puntos, así como tras resolver dúbidas e preguntas que xurdiron durante a explicación, solicítase á Asamblea a aprobación das Contas

anuais 2025. Con respecto á aplicación de resultados solicítase á Asamblea destinar os beneficios obtidos en 2025, que ascenderon a 46.201,36 euros a incrementar a partida de Remanente do Patrimonio Neto do Balance.

Procédese á votación, quedando aprobadas por unanimidade tanto as Contas Anuais como a aplicación de resultados.

### **3.: Aprobación da Memoria Deportiva do 2025.**

Procédese á lectura de Memoria Deportiva da tempada 2025.

Toda a información relativa a gastos Xerais está recollida na nosa web no apartado de Lei de Transparencia onde temos un apartado de información económica.

No apartado de Actividade ordinaria destacamos o peche do ano 2025 cun total de 7.838 licenzas federativas desglosadas por modalidade e por tipo de licenza no documento adxunto [Anexo 4](#). No ano 2025 tivemos 46 clubs con licenza homologada pola RFEG e 38 clubs e/ou escolas autonómicas.

En cuanto ao apartado de competicións recolleamos as 27 competicións autonómicas nas distintas modalidades da ximnasia. Participamos en 16 campionatos nacionais, e organizáronse en Galicia dúas: Nacional Base e Campionato de España de Trampolín, e o Campionato de España de Ximnasia Estética de Grupo

Con respecto ao programa de Tecnificación recolleamos as liñas xerais de actuación e a nivel particular o realizado na tempada 2025 por parte de cada comité técnico.

No programa relativo a Deporte Escolar salientar o incremento de participación en tódalas modalidades. No arquivo adxunto [Anexo 4](#) podemos ver con detalle cada campionato coa súa participación.

A Copa Deputación é un proxecto patrocinado pola Deputación de Ourense apoiando o deporte de base así como achegar a ximnasia aos núcleos rurais. A competición realízase nas modalidades de Ximnasia Rítmica, Acrobática e Trampolín así como en exhibicións das distintas modalidades de ximnasia xeral e estética.

Destacar tamén o incremento de participación no Campionato de Promoción e Prebase recollido na táboa explicativa do arquivo adxunto.

No programa relativo a Competicións Internacionais salientar que a modalidade de ximnasia con maior proxección internacional é a Ximnasia Trampolín con resultados salientables a nivel internacional. Recoller tamén as nosas Copas Galicia Internacionais nas modalidades de Trampolín e Acrobática.

No programa de Docencia recollemos os cursos de adestradores de I Nivel de X. Rítmica, Artística e Acrobática.

Para finalizar a memoria recollemos unha pequena mostra da galería de Imaxes e Cartelería, recollendo unha mostra do uso das imaxes corporativas así como momentos dos campionatos autonómicos, nacionais e internacionais celebrados na tempada 2025.

Procédese á votación, quedando aprobada por unanimidade a Memoria Deportiva do 2025.

#### **4º.: Aprobación do Calendario de Actividades 2026.**

Presentamos o calendario de Actividades previstas para esta tempada 2026. Adxuntamos [Anexo 5](#).

Apróbase o calendario por unanimidade dos membros presentes.

#### **5º.: Suxerencias e preguntas.**

Non hai alegacións neste punto da orde do día.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 13:00 horas do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación, co visto e prace do Presidente.

**Vº . Bº. Presidente**

**Asdo.: Mª Belén Ferreiro Amoedo**

Ourense, 29 de marzo de 2026